

## ANUNCIOS VOLUNTARIADO MUNICIPAL

### Voluntariado pedagógico, cultural e de apoio

---

**Departamento:** Concellería de Xuventude  
**Programa:** Escola Municipal de Debuxo e Pintura.

Acción de acompañamento na Escola Municipal de Debuxo e Pintura. Nesta actividade educativa e de lecer participan nenos e nenas de 5 a 11 anos. Coa programación da actividade tratamos de introducir movementos artísticos a través da imitación de estilos nas creacións do alumnado para que coñezan movementos artísticos de todas as épocas, ata a contemporaneidade, adaptados sempre ás súas capacidades e intereses. Si che interesa adquirir novas experiencias anúmate a participar como voluntario/a nesta actividade creativa, experimental e de dinamización da xente nova. Pide máis información na OMIX e Faite voluntario/a!

**Requisitos:** *interese polas artes plásticas e gañas de colaborar nunha actividade de educación non formal cun grupo infantil – xuvenil. Preferentemente mozos e mozas entre os 16 a 35 anos.*

**Número de prazas:** 2

**Horarios:** grupo 1 venres de 16,30 a 17,30; grupo 2: venres de 17,30 a 18,30

**Máis información e inscricións como voluntario/a:** na OMIX, Centro Multiusos. R/ Peirao, 8 – 36690 Arcade Concello de Soutomaior. Teléfono: 986700822, [omix@soutomaior.com](mailto:omix@soutomaior.com)

### Voluntariado pedagógico, cultural e de apoio

---

**Departamento:** Concellería de Xuventude  
**Programa:** Escola Municipal de Teatro

Acción de acompañamento na Escola Municipal de Teatro nos grupos infantil e xuvenil 1. Nesta escola a mestra traballa nas sesións a expresión corporal, a creatividade, a comunicación, o xogo, etc. Si che interesa adquirir novas experiencias anúmate a participar como voluntario/a nesta actividade creativa, experimental e de fomento do teatro. Pide máis información na OMIX e Faite voluntario/a!

**Requisitos:** *interese pola arte dramática e gañas de colaborar nunha actividade de educación non formal. Preferentemente mozos e mozas entre os 16 a 35 anos.*

**Número de prazas:** 2

**Horarios:** grupo infantil os sábados de 12 a 13,30 h e grupo xuvenil 1 os venres de 20 a 21,30h

**Máis información e inscricións como voluntario/a:** na OMIX, Centro Multiusos. R/ Peirao, 8 – 36690 Arcade Concello de Soutomaior. Teléfono: 986700822, [omix@soutomaior.com](mailto:omix@soutomaior.com)

### Voluntariado cultural

---

**Departamento:** Concellería de Cultura. Biblioteca Municipal (Arcade)

**Programa:** varios

Si tes inquedanzas culturais e sempre che gustou estar rodeado/a de libros e de información ofrecémosche a posibilidade de colaborar nas actividades que organiza a Biblioteca Municipal que che proporcionarán moitas experiencias persoais enriquecedoras a través do contacto con outras persoas e do contacto coa cultura.

**Requisitos:** *gusto pola cultura e gañas de colaborar.*

**Número de prazas:** *en función das posibilidades do servizo.*

**Horario:** *consultar*

**Máis información sobre a biblioteca e as súas actividades:** Biblioteca Municipal.  
Teléfono: 986 700 291 [biblioteca@soutomaior.com](mailto:biblioteca@soutomaior.com)

**Inscríbete como voluntario/a:** na OMIX, Centro Multiusos. R/ Peirao, 8 – 36690 Arcade Concello de Soutomaior. Teléfono: 986700822, [omix@soutomaior.com](mailto:omix@soutomaior.com)

### Voluntariado deportivo e de apoio

---

**Departamento:** Servizo Municipal de Deportes

**Programa:** Escolas deportivas municipais: actividade de natación.

Colaboración no servizo municipal de Deportes na actividade de NATACIÓN. Esta actividade está dirixida a nenos e nenas con idades comprendidas entre os tres e dezaseis anos. Realízase os luns entre as 17:45h e as 20:30 h. Coa programación desta actividade tratamos de fomentar a participación deportiva, a ocupación do tempo libre dun xeito activo, a adquisición de habilidades acuáticas que permitan autonomía e seguridade neste medio, así como nas actividades de hixene e coidado corporal....

As tarefas a desenvolver consistirán en acompañar aos/ás nenos/as no desprazamento de ida e volta en autobús ata o Complexo Deportivo de Rías do Sur, en Marín, axudar aos/ás nenos/as nos vestiarios no que precisen e acompañalos ata o vaso.

Si che gusta estar en contacto con outras persoas e aprender novas cousas así como adquirir unha experiencias formativa no eido deportivo e non formal podes facelo colaborando neste programa. Pide máis información na OMIX e Faite voluntario/a!

**Requisitos:** *interese polo deporte e polas actividades co colectivo infantil*

**Número de prazas:** 1

**Máis información e inscricións como voluntario/a:** na OMIX, Centro Multiusos. R/ Peirao, 8 – 36690 Arcade Concello de Soutomaior. Teléfono: 986700822, [omix@soutomaior.com](mailto:omix@soutomaior.com)